



SOCIOS E SOCIAS DA AELG CELEBRAN A SÚA ASEMBLEA ANUAL

- **Cesáreo Sánchez continúa a presidir a asociación**
- **Elena Poniatowska e Jose Luandino Vieira, “Escritores Galegos Universais”**

(A Coruña, 7 febreiro 2009).- A Asociación de Escritores en Lingua Galega, na súa Asemblea Anual de Socios e Socias, celebrada hoxe sábado 7 de febreiro de 2009 no salón de actos do CGAC, acordou, entre outras cuestións, o programa de actividades para 2009, do que cómpre salientar:

Concesión do premio “Bós e xenerosos” a Mariví Villaverde, e da Letra “E” a Agustín Fernández Paz.

Declarar “Escritora Galega Universal” á mexicana Elena Poniatowska. Neste ano, como novidade, nomearase igualmente “Escritor Galego Universal” a un/ha escritora/a procedente do ámbito literario da lusofonía, recaendo nesta primeira ocasión no escritor angoleño Jose Luandino Vieira.

Estes premios entregáranse na Cea das Letras -un dos actos máis importantes na vida da Asociación de Escritores en Lingua Galega-, conxuntamente cos Premios AELG, uns galardóns que, concedidos *por* escritores/as *para* escritores/as, levan camiño de se afianzar como uns dos de máis prestixio no noso panorama literario. No transcurso da Cea das Letras recoñecerase a mellor obra publicada no 2008 en cadanseu xénero: *Ensaio, Literatura Infantil e Xuvenil* (en colaboración con Gálix), *Poesía, Narrativa, Tradución* (en colaboración coa Asociación Galega de Tradutores), *Teatro e Traxectoria Xornalística* (que premiará o/a autor/a coa mellor traxectoria xornalística do 2008, e para cuxa



elección se contará cos votos dos/as membros do Colexio de Xornalistas). Como novidade, engádese o Premio ao mellor Blog literario.

Igualmente na Cea das Letras entregarase o premio á Institución que destacou durante o ano no seu labor cultural, concedendose nesta ocasión á Sección de Literatura do Liceo de Ourense, personificada na figura de Marcos Valcárcel.

Ademáis de subscribir diversos convenios con distintas administracións e entidades, a AELG organizará, como é habitual, obradoiros literarios ao longo do ano, en institutos, colexios e museos, e celebrará o IV Congreso de Novos Escritores. Participará igualmente na edición do Galeusca, que organiza este ano a asociación de escritores vascos, e incrementará a súa participación no Culturgal.

Por outra parte, a AELG seguirá a participar no Consello do Libro, no programa de Promoción exterior do libro e no Observatorio da Lingua, ademáis de colaborar na organización de diversos eventos literarios.

Finalmente, continuarase co Inventario das Casas dos Escritores/as do noso país.

COMPOSICIÓN DA NOVA XUNTA DIRECTIVA:

Vista a proposta de renovación, a nova xunta directiva da AELG estará formada por:

Cesáreo Sánchez, presidente

Antía Otero, vicepresidenta

Mercedes Queixas, secretaria xeral

Antonio Reigosa, vogal Lugo, responsable da sección de Literatura Oral

Isidro Novo, vogal Lugo

Xerardo Méndez, vogal Ourense

Francisco Castro, vogal Pontevedra-Vigo



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

Elvira Riveiro, vogal Pontevedra-Vigo
Francisco Souto, vogal A Coruña
Carlos Quiroga, vogal relacións Lusofonía
Xavier Queipo, vogal Área Internacional

A AELG quixo facer patente a felicitación ao escritor Xosé Luis Méndez Ferrín con motivo do seu 70 aniversario.

Saúdos
Gabinete de Comunicación da AELG
Tel. 660 530 525
Correo-e: prensa@aelg.org